

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

CURSO 2022-2023



IES MARÍA CASARES

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento ten por obxecto dar cumprimento ao *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria, Título IV, Capítulo IV e á Orde de 1 de agosto* pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do devandito decreto, *Apartado I. Réxime de funcionamento*.

O documento foi presentado ao claustro na sesión extraordinaria celebrada o 29 de setembro, foi validado polos membros do Consello Escolar na reunión celebrada o 29 de setembro, foi aprobado pola dirección do centro o día 30 de setembro e enviado ao Servizo de Inspección Educativa o mesmo 30 de setembro de 2022.

A estrutura do documento é a seguinte:

- Documento 1: Plan anual.
- Documento 2: Horario xeral do centro.
- Documento 3: Organización de servizos complementarios.
- Documento 4: Documento de recollida de datos (DRD, I Parte).

1.1. Contextualización

O IES María Casares sitúase na localidade de Santa Cruz, pertencente ao Concello de Oleiros, que forma parte da área metropolitana da Coruña. Oleiros é un concello en constante expansión demográfica que recibe veciños da cidade da Coruña, doutras zonas de Galicia, doutras comunidades autónomas e doutros países.

O Concello conta cunha potente rede educativa e cultural, aínda que a explosión demográfica dos últimos anos está provocando unha saturación dos centros escolares e mesmo un déficit de prazas, que se ve agravado cada novo curso escolar, sen que se teña realizada unha planificación axeitada a curto e medio prazo.

A poboación e o alumnado son maioritariamente castelán falantes; non se detecta animadversión cara o galego, pero o alumnado limita o seu uso á actividade académica.

O centro conta con diversos programas e actuacións (Club de Ciencia, Club de lectura, Stembach, Seccións bilingües, Recreos saudables...) que configuran unha oferta educativa ampla e atractiva para as familias da contorna.

Así mesmo, desenvolve un Plan de Formación Permanente no propio centro educativo, o que garante a continua actualización do profesorado.

1.2. Datos de matrícula

Os datos de matrícula para o curso 2022-2023 no IES María Casares son os seguintes:

ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º ESO

GRUPO	A	B	C	D
Nº ALUMNOS	30	30	30	30

2º ESO

GRUPO	A	B	C	D
Nº ALUMNOS	27	27	29	25

3º ESO

GRUPO	A	B	C	D
Nº ALUMNOS	28	27	28	27

4º ESO

GRUPO	A	B	C	D
Nº ALUMNOS	26	22	20	20

TOTAL ALUMNADO DE ESO: **426 alumnas/os**

ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:

1º FPB		2º FPB	
GRUPO	A	GRUPO	A
Nº ALUMNOS	9	Nº ALUMNOS	7+ 3

TOTAL ALUMNADO DE FPB: **19 alumnos**

ALUMNADO DE BACHARELATO

1º BACHILLERATO

GRUPO	A	B	C
Nº ALUMNOS	27	31	28

2º BACHILLERATO

GRUPO	A	B	C
Nº ALUMNOS	20	22	24

TOTAL ALUMNADO BACHARELATO: **152 alumnas/os**

A matrícula experimentou un lixeiro incremento con respecto ao curso anterior en todos os niveis, aínda que é moi posible que, ao longo do curso, estas cifras experimenten lixeiras modificacións.

1.3. Organización do centro

O centro conta, no curso 2022-2023, cos seguintes recursos de persoal:

Profesorado de Ensino Secundario	
Mestres de Educación Especial: Pedagogía Terapéutica	1
Profesor/a de Relixión Católica (1/2 xornada)	1
Total persoal docente	58
Persoal Administrativo	2
Persoal Subalterno	2
Persoal de limpeza	3.5
Auxiliares de conversa	2
Coidadora	1
Total persoal docente	60

1.4. Órganos de goberno unipersoais

Equipo directivo:

- Directora: María Ángeles Balseiro Balseiro
- Vicedirectora: María Isabel Seoane Sánchez
- Xefa de Estudos: Consuelo Castro Vázquez
- Secretario: Sergio Novoa Rodríguez

1.5. Órganos de goberno colexiados

Claustro. Constituído por 60 docentes. A relación de profesorado titor e o horario de atención ás familias están a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro.

Consello escolar. Neste curso escolar vanse producir novamente eleccións ao Consello Escolar, xa que corresponde unha renovación parcial. No inicio do curso a composición do CE é a que sigue:

Membros natos	Directora	D ^a . María Ángeles Balseiro Balseiro
	Xefa de estudos	D ^a . Consuelo Castro Vázquez
	Secretaria	D. Sergio Novoa Rodríguez
Representantes profesorado	D. Fernando Domènech Rey D ^a Olga María Grien Díaz D ^a Antonia Luna Ferragut D. Baldomero Martínez Martínez D. Emiliano Morenza Doforno D ^a María Amparo Otero Sánchez D. Jorge Otero Amoedo	
Representantes nais/pais	D ^a Isabel Cuesta Rivas D ^a Rosa María Rebouras Abalo	
Representante da ANPA	D. María Esperón Rodríguez	
Representantes alumnado	D ^a Iria Álvarez Fuentes D ^a Inés Collazo Martínez D ^a Hebe Gómez López	

	D ^a Sabela Vázquez Martínez
Representantes persoal non docente	D ^a María Remedios Cordal Pernas
Representante Concello de Oleiros	D ^a María José Santos Zas

No seo do Consello Escolar están constituídas as seguintes comisións:

Comisión económica	Directora	María Ángeles Balseiro Balseiro
	Secretario	Sergio Novoa Rodríguez
	Representante profesorado	Jorge Otero Amoedo
	Representante nais/pais	Rosa María Rebouras Abalo
	Representante alumnado	Sabela Vázquez Martínez
Comisión de convivencia	Presidenta	Consuelo Castro Vázquez
	Representante profesorado	Emiliano Morenza Doforno
	Representante nais/pais	Isabel Cuesta Rivas
	Representante alumnado	Iria Álvarez Fuentes Inés Collazo Martínez
Comisión Plan de centro saudable	Presidente	Sergio Novoa Rodríguez
	Representante profesorado	Emiliano Morenza Doforno

	Asesora	Aroa Isabel Luengo Castaño
	Representante nais/pais	María Esperón Rodríguez
	Representante alumnado	Iria Álvarez Fuentes
Responsable de igualdade	Xefa de estudos	Consuelo Castro Vázquez

1.5. Órganos de coordinación docente

Os órganos de coordinación docente son os seguintes: Departamentos didácticos, Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), Equipo de Dinamización Lingüística e Equipo de Biblioteca.

Dado que este curso se produciron modificacións nas xefaturas de departamento e nalgunha das coordinacións, de seguido faise unha relación dos responsables dos departamentos didácticos e coordinacións para o presente curso.

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS	XEFA/E DO DEPARTAMENTO
Artes plásticas	D ^a . Ana López Gullón
Bioloxía e Xeoloxía	D ^a . Aroa Isabel Luengo Castaño
Economía	D ^a . Dolores Rey Varela
Educación física	D. José Carlos Castellanos Cazalis
Electricidade	D ^a . Eva María Rubido Dovale
Filosofía	D. Emiliano Morenza Doforno
Física e Química	D ^a . María de las Nieves Delgado Rodríguez

Francés	D. Roberto Miguel Pérez Cancela
Grego	D. Baldomero Martínez Martínez
Inglés	D ^a . María Amparo Otero Sánchez
Latín	D. Fernando Domènech Rey
Lingua castelá e literatura	D ^a . Olga María Grien Díaz
Lingua galega e literatura	D. Francisco Xabier Rodo Varela
Matemáticas	D ^a Montserrat Fernández Ramos
Música	D ^a . Gracia María Rodríguez Blanco
Orientación	D ^a Mónica Diz Besada
Tecnoloxía	D ^a . María Dolores Feijoo Padín
Xeografía e Historia	D. Gabriel Álvarez Silvar
PROFESORADO RESPONSABLE DAS COORDINACIÓNS	
Biblioteca	D. Baldomero Martínez Martínez
TIC	D ^a . María Dolores Feijoo Padín
Equipo de dinamización lingüística	D ^a Diana Fernández Gómez
STEMBach	D. Joaquín García Lamela
Grupo de Convivencia	D ^a Montserrat Fernández Ramos
Formación en Centros de Trabajo	D. José María López Blanco

DOCUMENTO Nº 1: PLAN ANUAL

Afrontamos o segundo mandato na dirección con ilusións renovadas. Neste novo período trataremos de consolidar os aspectos positivos acadados nos catro anos anteriores e seguir traballando, tanto nos proxectos xa iniciados como en novos proxectos que poidan xurdir e que resulten beneficiosos para o centro. Este curso a praza de orientación educativa pasa a ser ocupada por unha docente con destino definitivo no centro o que facilitará que se consoliden e tamén se desenvolvan novas accións como son o desenvolvemento do PAT e o programa de Educación Responsable. Hai que dicir tamén que, como en calquera centro educativo, os obxectivos fundamentais son mellorar o rendemento académico do alumnado e lograr unha convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.

O Plan Anual que integra o presente capítulo da Programación Xeral Anual (PXA) debe concretar os obxectivos específicos para o curso 2022/2023, as medidas que se van desenvolver para a súa consecución e os recursos previstos para tal efecto.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO 2022-2023

Os obxectivos específicos que nos propoñemos para o presente curso académico están vinculados coa Memoria Final Anual presentada ao remate do curso 2021-2022, algúns deles porque non se acadaron e outros porque supoñen unha liña de continuidade en obxectivos xa acadados. Todos os obxectivos teñen como finalidade contribuír a mellorar o funcionamento xeral do centro e harmonizar a relación entre os distintos sectores da comunidade educativa. Estes obxectivos responden ás seguintes liñas estratéxicas:

LIÑA 1: Mellora do rendemento académico		
Obxectivos	Medidas	Recursos
Continuar cos distintos proxectos e programas destinados á implementación de estratexias metodolóxicas innovadoras.	Plan Proxeta Activistas polo mundo que queremos EduExcelencia EduInnova EduSostibilidade Convive-T Emocióna-T	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Claustro ▪ Departamentos didácticos
Coordinar , a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o profesorado que imparte o mesmo nivel educativo, de xeito que os contidos, obxectivos, temporalización e criterios de avaliación sexan idénticos para os diferentes grupos.	Facer un seguimento mensual do desenvolvemento das programacións didácticas. Procurar que o material didáctico básico sexa o mesmo para todo o alumnado dun mesmo nivel educativo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ CCP ▪ Departamentos didácticos
Continuar co Plan Lector iniciado o curso anterior e asegurar o seu cumprimento.	Dedicar 15 minutos diarios á lectura individual, realizando unha distribución do tempo equilibrado entre as distintas materias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Biblioteca ▪ Profesorado
Completar a unificación terminolóxica nas materias lingüísticas e distribuír os contidos comúns das materias de Lingua castelá e Literatura e Lingua galega e Literatura entre os dous Departamentos, co obxectivo de optimizar o traballo diario na aula e dispoñer de máis tempo para reforzar	Preparar un documento que reflecta os acordos aos que se chegue no ámbito da terminoloxía lingüística. Reflectir os acordos nas programacións didácticas de LCeL e LGeL.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Grupo TIL ▪ Departamentos de Francés, Grego, Inglés, Latín, LCL e LGL.

os contidos e as estratexias que o precisen.		
Deseñar e programar a actividade lectiva do mes de xuño, desde o remate da 3ª avaliación ata a finalización do curso.	Elaborar un horario específico para o alumnado que debe recuperar algunha materia e determinar un plan de actividades de ampliación para o resto do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura de Estudos ▪ Departamentos didácticos ▪ Claustro

LIÑA 2: Avanzar na elaboración e posta en práctica dos distintos documentos organizativos do centro.

Obxectivos	Medidas	Recursos
Actualizar do Documento 2 de Concreción Curricular para que se adecúe aos currículos xa publicados da LOMLOE.	Establecer un marco de diálogo e debate para que as decisións que se tomen respondan ao máximo consenso posible.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ CCP ▪ Claustro
Implementar o Plan de Dixitalización do centro elaborado o curso anterior.	Realizar un seguimento trimestral do seu desenvolvemento para asegurar que se cumpran os seus obxectivos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Coordinadora TIC

LIÑA 3: Mellorar a convivencia no centro		
Obxectivos	Medidas	Recursos
Deseñar un programa de acollida ao profesorado de nova incorporación.	Realizar unha reunión de acollida ao principio de curso. Coordinar a recepción do persoal substituto, docente e non docente, que se vai incorporando ao longo do curso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comisión de Convivencia ▪ Vicedirección
Deseñar un plan de acollida do alumnado de nova incorporación.	Realizar unha reunión de acollida ao final do curso previo á incorporación ao centro. Realizar unha reunión inicial a principio de curso para informar sobre o funcionamento do centro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Departamento de Orientación ▪ Profesorado titor
Poñer en marcha o Plan de Mediación iniciado o curso anterior.	Incorporar a actuación do alumnado mediador na resolución pacífica de conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Grupo de mediación ▪ Alumnos mediadores ▪ Xefatura de estudos
Mellorar a puntualidade do profesorado e do alumnado.	Informar o alumnado sobre as NOFC nas reunións iniciais. Incidir na puntualidade de profesorado e alumnado na incorporación ao centro e tras os períodos de lecer. Informar sobre os retrasos as familias coa maior rapidez posible.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura de estudos ▪ Titores ▪ Profesorado ▪ SIXA

Dinamizar a Xunta de Delegados.	Canalizar as iniciativas do alumnado e promover o debate sobre o desenvolvemento da actividade lectiva.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura de estudos ▪ Xunta de delegados ▪ Profesorado titor
Desenvolver a primeira fase do programa de Educación Responsable.	Promover a incorporación progresiva do profesorado a este programa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dirección ▪ Grupo de Educación Responsable
Visibilizar e normalizar os colectivos trans e/ou non binarios como unha realidade máis da sociedade, de tal xeito que este alumnado perciba o centro como un espazo seguro.	Facer un especial seguimento do alumnado trans e non binario do centro, que está a aumentar nos últimos anos, e promover a súa inclusión efectiva mediante accións de normalización que non impliquen en ningún caso o sinalamento de persoas concretas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Dpto de Orientación ▪ Claustro

LIÑA 4: Atención á diversidade e orientación educativa

Obxectivos	Medidas	Recursos
Potenciar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.	<p>Revisar o PXAD, incluíndo as modificacións derivadas da LOMLOE.</p> <p>Promover o desenvolvemento de medidas ordinarias de atención á diversidade e inclusión plena do alumnado con NEAE e NEE.</p> <p>Promover o apoio da profesora</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento de Orientación ▪ Profesorado PT ▪ Equipo directivo ▪ Profesorado titor

	<p>PT dentro da aula ordinaria.</p> <p>Concretar os protocolos de inclusión do alumnado nas diferentes medidas de atención á diversidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo docente
<p>Potenciar a orientación académica do alumnado.</p>	<p>Potenciar o uso de ferramentas tecnolóxicas para a orientación académica por parte do alumnado e as familias.</p> <p>Implicar os titores/as na organización das actividades de orientación académica.</p> <p>Planificar actividades complementarias de orientación académica que permitan o contacto directo coas etapas e centros que ofrecen os itinerarios educativos posteriores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento de Orientación ▪ Profesorado titor
<p>Desenvolver o Plan de Acción Titorial.</p>	<p>Dinamizar a aplicación do PAT aportando recurso e asesoramento ao profesorado titor.</p> <p>Desenvolver actividades titoriais que fomenten o uso responsable das novas tecnoloxías, as habilidades sociais, a saúde, a convivencia, o respecto pola diversidade e a inclusión.</p> <p>Potenciar o uso de ferramentas tecnolóxicas para a orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento de Orientación ▪ Profesorado titor

	académica por parte do alumnado e as familias.	
--	--	--

LIÑA 5: Novas tecnoloxías		
Obxectivos	Medidas	Recursos
Poñer en marcha e optimizar o proxecto Edixgal.	Potenciar a formación do profesorado no EVA-Edixgal. Promover a participación do profesorado na produción de materias propios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Coordinadora TIC
Continuar traballando na mellora e potenciación da páxina web do centro.	Actualizar os contidos con regularidade. Incrementar o número de contidos que se poidan xestionar a través da páxina web do centro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Coordinadora TIC
Seguir potenciando o uso da aula virtual como ferramenta fundamental do ensino, tanto presencial como non presencial.	Continuar coa formación do profesorado e do alumnado no uso da Aula Virtual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Coordinadora TIC ▪ Claustro
Mellorar o proceso de verificación	Promover a utilización e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinadora TIC

da información por parte do alumnado.	comparación de varias fontes de información no traballo diario.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado
LIÑA 6: Mellora da organización e xestión do centro		
Obxectivos	Medidas	Recursos
Mellorar as instalacións interiores e exteriores.	<p>Mellorar o acondicionamento das aulas.</p> <p>Renovar as taquillas do alumnado.</p> <p>Mellorar as instalacións deportivas do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Persoal non docente ▪ Departamento de Educación Física.
Mellorar o sistema de megafonía.	Adecuar os sons e avisos de cambio de clase dentro dos dous marcos horarios para que non sexan molestos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo
Procurar un espazo máis axeitado para a Biblioteca do centro.	Trasladar a Biblioteca a un espazo máis amplo e adecuado ás necesidades do centro.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Grupo de Biblioteca
Vincular o programa de Polos Creativos (no caso de que sexa	Potenciar o vínculo entre a Biblioteca e os Polos creativos como eixe dinamizador do	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinadora TIC ▪ Coordinador

concedido) coa Biblioteca.	centro.	<p>Biblioteca</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Claustro
----------------------------	---------	--

LIÑA 7: Procurar unha xestión eficiente das actividades complementarias e extraescolares

Obxectivos	Medidas	Recursos
Vincular as actividades co desenvolvemento do currículo.	Elaborar un documento que rexistre os obxectivos da actividade e o seu grao de consecución.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vicedirección ▪ Departamentos didácticos
Regular as distintas celebracións e vinculalas co desenvolvemento da actividade docente.	Planificar as distintas celebracións e difundilas entre profesorado e alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamentos didácticos ▪ Biblioteca ▪ Claustro
Homenaxear a figura de María Casares no ano do centenario do seu nacemento.	<p>Promover a difusión da persoa e o personaxe entre o alumnado e as familias.</p> <p>Realizar actividades para celebrar o seu centenario.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Comisión coordinadora do Centenario

LIÑA 8: Fomentar hábitos de vida saudable

Obxectivos	Medidas	Recursos
Promover a práctica do deporte nos períodos de lecer.	Continuar co proxecto de recreos saudables.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento de Educación Física
Conseguir a integración e participación da cafetería no Plan de Centro Saudable impulsado polo Consello Escolar.	<p>Procurar chegar a acordos co xerente da cafetería para eliminar a venda de produtos sobre procesados e nocivos para a saúde.</p> <p>Incorporar á oferta da cafetería produtos saudables.</p> <p>Eliminar os envases de plástico nos produtos ofertados na cafetería do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Comisión Plan de Vida Saudable ▪ Responsable da cafetería
Fomentar hábitos respectuosos co medio ambiente.	<p>Incidir na limpeza de todos os espazos do centro.</p> <p>Continuar co proxecto de sostibilidade e avanzar na reciclaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo directivo ▪ Todo o profesorado ▪ Persoal non docente

DOCUMENTO 2: HORARIO XERAL DO CENTRO

3. CALENDARIO ESCOLAR

A Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece que en educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional as actividades lectivas se realizarán entre o día 8 de setembro de 2022 e o 21 de xuño de 2023, ambos os dos incluídos. Porén no curso de 2º de Bacharelato, a impartición efectiva das clases finalizará de acordo coas datas revistas para a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2021/2022 serán os seguintes:

- Vacacións de Nadal: desde o día 23 de decembro de 2021 ata o 8 de xaneiro de 2023 (ambos incluídos).
- Vacacións de Entroido: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.
- Vacacións de Semana Santa: desde o día 3 ata o 10 de abril de 2023 (ambos incluídos).

Ademais dos anteriores e dos festivos que establécese o Día do Ensino con carácter non lectivo, que se celebrará o 31 de outubro de 2022.

O Claustro decidiu solicitar á Xefatura Territorial como días non lectivos o **luns 5 de decembro** e o **luns 20 de marzo**.

3.1. Calendario de avaliacións

- **Avaliación inicial.** 3, 5 e 11 de outubro.
- **Primeira avaliación 2º Bacharelato:** 24 de novembro

- Primeira avaliación en ESO, FPB e 1º de Bacharelato. 19, 20 e 21 de decembro.
- Segunda avaliación 2º Bacharelato. 27 de febreiro
- Segunda avaliación ESO, 1º Bacharelato e FPB. 14, 15 e 16 de marzo.
- Terceira avaliación 2º Bacharelato. Na data que determine a CIUG.
- Terceira avaliación ESO, 1º Bacharelato e FPB. 5, 6 e 7 de xuño.

A avaliación extraordinaria de Bacharelato e FPB terá lugar **a partir do 21 de xuño** segundo o calendario que se fixe no seu momento.

4. CELEBRACIÓNS

O centro organizará actividades para as seguintes conmemoracións:

- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- Do 17 ao 21 de abril de 2023: Semana do libro.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.

5. HORARIO DO CENTRO

O centro permanece aberto durante o período lectivo de luns a venres, desde as 08:15 horas ata as 14:15 horas pola mañá e o luns entre as 16:15 horas e as 18:30 horas. As tardes dos martes e os

xoves, hai un membro do equipo directivo de garda entre as 16:30 e as 18:30 horas.

O horario de atención ao público na administración será de luns a venres desde as 9:00 horas ata as 14:00 horas (durante o período lectivo). En período non lectivo a atención ao público realizarase entre as 10:00 e as 13:00 horas.

6. HORARIO LECTIVO

O horario para todas as ensinanzas que se imparten no centro: ESO, Bacharelato e FP Básica será de luns a venres entre as 08:30 e as 14:10 horas.

En ESO distribuirase da seguinte maneira: 2 sesións de 50 minutos, un período de lecer de 20 minutos (entre as 10:10 e as 10:30 horas); 2 sesións de 50 minutos, un período de lecer de 20 minutos (entre as 12:10 e as 12:30 horas) e 2 sesións de 50 minutos. Os luns entre as 16:30 e as 18:10 horas desenvolveranse 2 sesións de 50 minutos cada unha.

No Bacharelato e a FP Básica o horario lectivo será o seguinte: 3 sesións de 50 minutos cada unha, un período de lecer de 40 minutos e 3 sesións de 50 minutos. Os luns entre as 16:30 e as 18:10 horas desenvolveranse 2 sesións de 50 minutos cada unha.

7. HORARIO SERVICIOS E INSTALACIÓNS

A cafetería do centro permanece aberta entre as 8:30 e as 13:30 horas. Con carácter xeral, o alumnado só pode acudir a ela nos períodos de lecer.

A petición do Concello de Oleiros, o Ximnasio do centro queda a disposición dos equipos de Ximnasia rítmica para realizar adestramento nas tardes entre o martes e o venres a partir do 1 de setembro (de 16:30 a 21:00 horas).

Por outra banda, a ANPA do centro imparte clases complementarias de inglés na tarde do martes, dentro do horario de apertura do centro.

8. HORARIO NON LECTIVO

Nos períodos nos que non hai actividade de docencia directa co alumnado, o centro permanece aberto entre as 10:00 e as 13:00 horas de luns a venres (agás os días festivos e os días de noiteboa e noitevella).

Entre os días 1 e 15 de agosto o persoal de administración e servizos está de vacacións, polo que non hai horario directo de atención ao público. Porén algún membro do equipo directivo estará localizable entre as 10:00 e as 13:00 horas a través do número de móbil establecido por se xurdise algunha emerxencia.

O número do teléfono fixo e o móbil para emerxencias, o 698 19 12 13, está dispoñible para toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

DOCUMENTO 3: SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

8. TRANSPORTE ESCOLAR

O IES María Casares dispón de Servizo de Transporte Escolar coas seguintes rutas:

RUTA 1	RUTA 2	RUTA 3	RUTA 4	RUTA5
Paradas	Paradas	Paradas	Paradas	Paradas
O Couto-Dorneda	Arillo	Santa Cruz-Babilonia	Rialta	Franzomel
Lourido	Breixo	Augarrío		Abeleiras
Mera-Nai-Pai	Mera -A Lagoa	Canide		Dorneda-Cruce
Mera-Babilonia	A Pereira	Cabreira		Rialta
Xoez	O Cubo	Maianca		
Canabal	Aba	Broño		
Xunqueiro	Lorbé-Escola			
A Pista	Lorbé-O Couto			
Punxeiro	Pinar do Río			
Subiña				
Buinte				
Dexo-Torre				
Dexo-Igrexa				

9. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

Resulta imprescindible que o centro estea aberto á colaboración co resto de institucións e centros educativos que forman parte do entorno. Esta relación procurará aumentar a oferta deportiva e cultural do alumnado, así como ampliar as súas posibilidades de enriquecemento social e persoal.

Temos previsto tamén este ano colaborar coas seguintes institucións:

- Concello de Oleiros
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Ministerio del Interior (Plan Director)
- Todos aqueles organismos e/ou institucións que poidan contribuír á mellora das actividades do centro e á formación do alumnado.

ANEXO I: PLAN DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

ANEXO II: PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO III: PLAN ANUAL DE LECTURA